



# BOP

VENRES, 18 DE FEBREIRO DE 2022

N.º 040

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**CLAVE: DH.V27.75436**

FRANCISCO GABRIEL RIVAS DASILVA, de conformidade co artigo 245 do Regulamento do dominio público hidráulico, solicita autorización para o vertido por infiltración no terreo (cunca do río Masma) dun caudal máximo de 945,32 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais e de escorrega depuradas e dun caudal máximo de 98,4 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais fecais depuradas procedentes dun centro de recuperación e descontaminación de vehículos e electrodomésticos ao final da súa vida útil no lugar da Laxe - San Xurxo de Lourenzá (t.m. Lourenzá).

As augas residuais industriais xeradas no lavado de pezas e na limpeza das zonas de descontaminación e almacenamento de residuos (432 m<sup>3</sup>/ano) e as augas residuais industriais de escorrega da zona formigonada descuberta exterior (513,32 m<sup>3</sup>/ano) son tratadas conxuntamente nun separador de hidrocarburos de clase I con célula coalescente de 3 L/s de capacidade, de 1 m de diámetro e 3,15 m de lonxitude. As augas residuais industriais e de escorrega depuradas vértense por infiltración no terreo (cunca do río Masma) mediante sistema de nove zaxas filtrantes en paralelo, cada unha delas de 30 m de lonxitude, 60 cm de anchura e 75 cm de profundidade, no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=637.197; Y=4.812.827.

As augas residuais fecais xeradas nos aseos e vestiarios das instalacións son tratadas nunha fosa séptica de decantación-dixestión con prefiltro deseñada para 10 habitantes equivalentes de 2.000 L de capacidade útil, de 1,2 m de diámetro e 2,15 m de lonxitude. As augas residuais fecais depuradas vértense por infiltración no terreo (cunca do río Masma) mediante sistema de tres zaxas filtrantes en paralelo, cada unha delas de 10 m de lonxitude, 60 cm de anchura e 75 cm de profundidade, no punto de coordenadas UTM (ETRS89): X=637.167; Y=4.812.815.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de TRINTA (30) DÍAS, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas da entidade Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sitas na praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Monelos, na rúa Vicente Ferrer, núm.2 - 9º andar da Coruña, onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021.- Xefa da Área de Vertidos, Leticia Valladares López.

R. 0307

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

Juan Antonio Fernández Pérez, con DNI \*\*\*\*\*192N, en representación de TECSAGES SL (CIF B32259046), titular da ECC Vilaxuste (LU-11) solicita a ampliación desta Explotación Cinexética Comercial con 27,27 Has de terreos do monte veciñal en man común de Vilaxuste e parcelas particulares no termo municipal de Portomarín.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 11 de febreiro de 2022.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 0308

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE RECURSOS HUMANOS

#### Anuncio

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E DE CELEBRACIÓN DO EXERCICIO, DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE SETE (7) PRAZAS/POSTOS DE CAPATAZ DE CAMIÑOS, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.**

*“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:*

*Por acordo da Xunta de Goberno do 13.08.2021, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso selectivo para cubrir sete (7) prazas/postos de **Capataz de Camiños**, encadradas na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, Grupo C - Subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical (BOP núm. 193, do 23.08.2021).*

*As bases xerais que rexen a convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 13.03.2020 e publicadas no BOP núm. 089, do 20.04.2020 e BOP 112 de 18/05/2020.*

*Rematado o prazo de presentación de instancias segundo o establecido nas Bases Xerais 6 e 7 que rexen o dito proceso selectivo, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVA**:*

**1º. Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoal admitido por non haber excluídos:**

NÚMERO	APELIDOS E NOME
01	CARREIRA UCEDA, PABLO
02	FERNÁNDEZ ALONSO, ALFONSO
03	FERREIRO CHOUSA, DAVID
04	GARCÍA SAL, CARMEN
05	GIL GARCÍA, JOSÉ LUIS
06	GONZÁLEZ BARREIRA, ARMANDO
07	LUACES LUACES, VÍCTOR
08	NOTARIO IGLESIAS, LUIS MIGUEL
09	VÁZQUEZ LORENZO, ELÍAS

**2º. Nomear aos membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:**

#### **PRESIDENTE.-**

*Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.*

#### **VOGAIS:**

*Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Don José Fernández Parajes, enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe da Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

*Titular: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas, no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

*Titular: Don José López-Cancelos Rodríguez, xefe da Sección de Mantemento da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.*

#### **SECRETARIA/O.-**

*Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación de Lugo.*

*Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.*

**3º. Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o MÉRCORES día 23 de FEBREIRO de 2022 ás 9 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.**

**4º. Citar aos membros do Tribunal e mais ás persoas aspirantes admitidas para que compareza o XOVES día 17 de MARZO de 2022 ás 10 horas, no Salón de Plenos da Deputación de Lugo, para a realización da fase de oposición – Exercicio Práctico.**

**5º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na web corporativa da Deputación de Lugo – apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.**

*Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a lista provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación do presente anuncio no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación no BOP, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.*

*Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.*

*Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:***

*Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.*

Lugo, 16 de febreiro de 2022; A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0333

## SERVIZO DE PROTOCOLO E RELECIÓNS INSTITUCIONAIS

### Anuncio

#### DECRETO

Ante o acontecido polo naufraxio do buque pesqueiro Villa de Pitanxo nas augas de Terranova, esta Presidencia da Deputación Provincial de Lugo manifesta o seu profundo pesar polo tráxico naufraxio. E a estes efectos, súmase á proposta da Xunta de Galicia de decretar o loito oficial publicado no DOGA de data 16 de febreiro de 2022.

Por todo iso, en base ó artigo 14.3.C) do Regulamento de Honras e Distincións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

1.- Declarar o loito oficial en toda a Provincia de Lugo dende as 00.00 horas do 16 de febreiro ata as 24.00 horas do día 18 de febreiro de 2022.

2.- Nas sinaladas datas deberán ondear a media hasta as bandeiras oficiais en todos os centros e edificios públicos da Deputación Provincial de Lugo.

Lugo, 16 de febreiro de 2022.- O Presidente da Deputación Provincial de Lugo, José Tomé Roca. A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0334

## CONCELLOS

### BARREIROS

#### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 14 de febreiro de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 16 de febreiro ata o 16 de marzo de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 14 de febreiro de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0309

## GUNTÍN

### *Anuncio*

#### DECRETO DE ALCALDÍA DE 15-02-2022

#### **DONA MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)**

Conforme as Bases de data 13-01-2022 aprobadas por Decreto nº 2022-0006 de 13-01-2022 para a convocatoria para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social para o Concello de Guntín. Persoal Laboral Fixo e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a **lista provisional de admitidos e excluídos** nas seguinte relación.

#### **1. Admitidos**

NOME E APELIDOS	DNI
MARTA CORRAL MOREIRA	--3241---
LORENA BOUZA PIÑON	--4173---
CARLA CARBALLEDO ROCA	--5503---

#### **2.- Excluídos**

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO
OSCAR RODRÍGUEZ LÓPEZ	--5417---	5

SILVIA RIVAS GARCIA	--5824---	2-3-4-5
ALBA CASTRO FERNÁNDEZ	--8786---	2-3-4-5
CRISTINA CAMPO BRAÑA	--5526---	2-3
ALBA LAMAS TEJEIRO	--5558---	2-3
MAR PALMEIRO SANCHEZ	--0815---	4-5
YOLANDA MONTERO LÓPEZ	--0951---	2-3-5
RAQUEL GONZALEZ RODRIGUEZ	--9536---	1
EMMA GARCÍA LÓPEZ	--6218---	2-3
CRISTINA GARCÍA PARAPAR	--5904---	5
ANA MARÍA MARTÍNEZ NEIRA	--3351---	2-3-5
ESTEFANÍA RODRÍGUEZ PEREIRA	--5503	1-4-5
NOELIA RODRÍGUEZ DURÁN	--4933---	6

1. Non aporta solicitude ANEXO III (asinada)

2.- Non aporta titulación compulsada

3.- Non aporta DNI compulsado

4.- Non aporta copia da tarxeta da Seguridade Social

5.- Non aporta declaracións.

6.- Presentación fora de prazo

a) Nas bases de data 13-01-2022 aprobadas por Decreto nº 2022-0006 de 13-01-2022 para a convocatoria para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social para o Concello de Guntín. Persoal Laboral Fixo, na Base cuarta:

4.1.- "as instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO III desta convocatoria..." "o prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado"

4.2.- A instancia unirase:

a) fotocopia DNI compulsada

b) fotocopia compulsada a titulación esixida

Ademais unirase : fotocopia da tarxeta da Seguridade Social, Celga 4 e declaracións formais.

SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, dende o día seguinte á publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello .

As emendas presentarase no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Guntín de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán enviar copia da emenda, debidamente rexistrada por fax ao Concello no prazo de presentación de emendas ao fax número: 982.32.00.88 O prazo será de **dous días hábiles** dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Guntín, 15 de febreiro de 2022.- A ALCALDESA, María José Gómez Rodríguez. Ante min a A Secretaria-Interventora, Nadia Díaz Vázquez.

R. 0316

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XANEIRO 2022**

Por Xunta de Goberno Local do día 31.01.2022 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de xaneiro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 10.02.2022 ata o 11.04.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 7 de febreiro de 2022.- A 1ª Tenende de Alcalde, P.D. Decreto de 01.02.2022, Gloria María Prada Rodríguez

R. 0310

**MONTERROSO***Anuncio*

Na Xunta de Goberno de data 7 de febreiro de 2022, acordouse a aprobación do seguinte:

- Padrón correspondente ao ano 2022 de taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos ao no Centro Penitenciario.

A través do presente anuncio expóñese ao público o citado padrón por un período de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos de exame e reclamacións, entendéndose elevado a definitivo se transcorrido o dito prazo de exposición pública, non se formula reclamación algunha.

Contra o acto de aprobación do padrón, e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición ó público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, de acordo con canto se establece no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 14 de febreiro de 2022.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0311

**OUIROL***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de DECEMBRO de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil oitocentos setenta e sete euros con corenta e tres céntimos (2.877,43 €), correspondendo mil catrocentos vinte e oito euros (1.428,00 €) a libre concorrència e mil catrocentos corenta e nove euros con corenta e tres céntimos (1.449,43 €) a dependencia.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de XANEIRO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil setecentos corenta e dous euros con vinte e nove céntimos (2.742,29 €), correspondendo mil douscentos oitenta e seis euros con setenta céntimos (1.286,70 €) a libre concorrència e mil catrocentos cincuenta e cinco euros con cincuenta e nove céntimos (1.455,59 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouiról, 7 de febreiro de 2022.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0312

**O VICEDO***Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 11 de febreiro de 2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 11 de febreiro do 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0314

---

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**

### **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

#### *Anuncio*

A/27/33225-1

#### **COMPETENCIA DE PETICIONES**

**NOMBRE DEL PETICIONARIO:** DYLAN MARINAS SL

**TIPO DE AUTORIZACIÓN:** instalación de un embarcadero desmontable en Dominio Público Hidráulico.

**CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS:** Río Miño (Embalse de Os Peares)

**COORDENADAS UTM ETRS89 HUSO 29:** X= 605.637, Y= 4.713.172

**TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:** Chantada (Lugo)

De conformidade con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Lugo, 7 de febrero de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0315